

## **CircoRed celebra o seu IV Congreso de profesionais do Circo en Santiago de Compostela**

- O IV Congreso CircoRed terá lugar do 23 ó 25 de Novembro dende a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela en formato online
- Tres días para compartir e reflexionar sobre a situación do sector profesional do Circo

Por carto ano consecutivo CircoRed prepara o seu Congreso anual, evento para profesionais do Circo de todo o Estado xa sexan artistas ou traballen en produción, dirección, pedagogía, programación, xestión, distribución ou, incluso, fotografía e vídeo. O obxectivo é o de reflexionar, aprender e traballar de xeito conxunto no crecemento do sector tendo en conta as vicisitudes e idiosincrasias propias e as necesidades das personas que forman parte da rede. O empuxe dunha industria emerxente dende fai máis de vinte anos traducíuse no crecemento, profesionalización e fortalecemento do sector do circo converténdose nun axente significativo das artes escénicas e da Cultura a nivel estatal.

Na tesitura actual, a necesidade dun espazo onde compartir e analiza-la situación á que se enfrenta o sector fíxose especialmente patente. A organización do Congreso respondeu á necesidade de garantir a seguridade sanitaria, respectando os aforos establecidos polas autoridades competentes e adaptarse ás limitacións. Sen embargo, CircoRed decidiu non deixar pasa-la oportunidade de celebrar este momento de encontro tras uns meses moi complicados para o sector, contribuíndo á normalización das actividades culturais e visualizando que a Cultura é segura.

Nesta ocasión, o Congreso por primeira vez descentralízase para, en colaboración coa Asociación de Profesionais de Circo de Galicia (APCG) e no marco do V Encontro D10! Encontro para a Formación e Innovación en Circo que organiza a compañía Pistacatro, aloxarse en Santiago de Compostela entre o 23 e o 25 de Novembro. De xeito virtual agárdase a asistencia dun bo número de profesionais vinculados a esta arte.

O que xa é o IV Congreso CircoRed conta co apoio do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) do Goberno de España en colaboración coa AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), Xunta de Galicia, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Xacobeo 2021, Gaiás Cidade da Cultura e Hotel Costa Vella.

## **Unha edición especial**

Dada a actual situación sanitaria, a Comisión encargada da organización do IV Congreso decantouse por un formato en liña para esta edición. Isto supón un enfoque oposto ó de outras edicións no que o contacto e o encontro presencial era a base sobre a que construí-lo congreso. Tras sopesar as circunstancias e a pesares da imposibilidade dun encontro físico, CircoRed decidiu levar a cabo esta reunión anual que se presenta especialmente necesaria dada a realidade á que o sector estase enfrentando nestes momentos. Parte da estrutura de funcionamento da federación desprazarase de xeito presencial para facer conta do balance do ano, obxectivos, valorar as liñas de traballo e establece-la planificación futura a curto e medio prazo, mentres que a maior parte do Congreso estará aberto en liña con obradoiros, mesas redondas e diferentes espazos de posta en común e discusión con participación tanto estatal coma internacional. Incluso a exhibición terá o seu oco a través da mostrar de traballos en proceso de creación de compañías galegas e espectáculos estatais, gracias á colaboración do V Encontro D10 que organiza Pistacatro.

Maís información sobre o que será o IV Congreso, co programa, atópase no seguinte enlace: <https://circored.com/iv-congreso-circored/>

## **Información adicional de CircoRed**

CircoRed é a Federación de Asociacións de Profesionais do Circo de España. Máis de 600 profesionais integran esta rede a través das once Asociacións Profesionais autonómicas. A Federación abarca os distintos estilos de circo e diversos formatos de espectáculo para todo tipo de espazos escénicos e audiencias.

CircoRed traballa para impulsa-lo posicionamento do circo a nivel nacional e internacional, mellorar a profesionalización e as condicións laborais do sector, ser punto de encontro dos profesionais desta arte e espazo de reflexión e debate. Pretende facilitar iniciativas, intercambios e proxectos que xeneren os recursos e espazos necesarios para o sector así como posicionarse coma interlocutor coas administracións e institucións públicas e privadas e ser un referente de transparencia, profesionalidade e boas prácticas para o Circo estatal.

## **Contacto**

Páxina web - [www.circored.com](http://www.circored.com)

Email [info@circored.com](mailto:info@circored.com)

Canal informativo telegram de CircoRed - @CircoRed

T. (+34) 698 95 59 83

Redes Sociais

Facebook - CircoRed/ Instagram - @Circo\_Red

Youtube - CircoRed Federación Asociaciones de Circo de España